



SERVIZO DE PROMOCION ECONOMICA, TURISMO E EMPREGO  
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

**NÚMERO DE EXPEDIENTE:** PCO.001.2021.00076

#### **ANEXO I - MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATAR**

**ASUNTO:** CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS EMBARCACIÓNS ELÉCTRICAS NON SOMERXÍBEIS PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO PILOTO DE ECOTURISMO NÁUTICO NOS XEODESTINOS DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Segundo a OMT (Organización Mundial de Turismo), as directrices para o desenvolvemento e as prácticas de xestión sostible aplícanse a todas as formas de turismo en todo tipo de destinos. Os principios de sustentabilidade refírense ao equilibrio entre as dimensións ambiental, económica e sociocultural do desenvolvemento turístico. Por tanto, o turismo sostible debe:

1. dar un uso óptimo aos recursos ambientais, elemento fundamental do desenvolvemento turístico, mantendo os procesos ecolóxicos esenciais e axudando a conservar os recursos naturais e a diversidade biolóxica.
2. Respetar a autenticidade sociocultural das comunidades anfitrías, conservar os seus activos culturais, arquitectónicos, os seus valores tradicionais, e contribuír ao entendemento e a tolerancia intercultural.
3. Asegurar actividades económicas viables a longo prazo, que reporten a todos os axentes uns beneficios ben distribuídos, entre os que se contan oportunidades de emprego estable e de obtención de ingresos e servizos sociais para as comunidades anfitrías.

O turismo sostible debe reportar tamén un alto grao de satisfacción aos turistas e representar para eles unha experiencia significativa, que os faga máis conscientes e fomentar prácticas turísticas sostibles.

É por iso que, nas estratexias de produto que estamos impulsando dende a Sección de Turismo da Deputación da Coruña, en colaboración coas administracións locais, a perspectiva da sustentabilidade sempre é un factor determinante, buscando diversificar produtos e ofrecer alternativas turísticas sempre respectuosas co medio; mais aínda contando cunha paisaxe diversa e de grande valor que debemos coidar e preservar.

Dentro desta perspectiva, decidimos pór en marcha un proxecto piloto orientado a seguir fomentando esta estratexia de turismo sustentábel e a explorar novas fórmulas aínda non contempladas nos xeodestinos da provincia da Coruña. Trátase do fomento do turismo náutico de pequena escala para todos os públicos, sen necesidade de permisos e de carácter familiar ou grupal; unha experiencia turística sen impacto nos nosos ríos, lagoas e rías.